

## O século do cambio climático

A comezos do 2001 o Panel Inter-governamental sobre o Cambio Climático (PICC), a máxima autoridade científica mundial na materia, creado pola ONU en 1988, fará público o seu terceiro informe. De acordo coas conclusións xa avanzadas, confírmase que o cambio climático inducido está en marcha e que as emisións humanas de dióxido de carbono ( $\text{CO}_2$ ) e outros gases de efecto invernadoiro son a súa causa.

O cambio climático é o principal problema ambiental. O novo informe do PICC apunta un posíbel incremento da temperatura media global de entre 1 e 5º C ao longo do século XXI se as emisións de gases de efecto invernadoiro non se reducen. Este incremento pode semellar pequeno, mais os seus efectos poderían ser realmente temíbeis, segundo nos di maioría da comunidade científica. Pensemos na consecuencias para o corpo humano que conleva un aumento de temperatura aparentemente pequeno desde os 37 aos 40º C.

Domingo Jiménez Beltrán, director da Axencia Europea do Ambiente, órgano técnico dependente da UE, acha que as mudanzas climáticas son xa inevitábeis. O que está en xogo agora son as súas proporcións. "Posuímos probas suficientes para que os políticos se sintan responsábeis polas alteracións do clima."

O Estado español segue a aumentar as súas emisións de  $\text{CO}_2$  (producidas ao queimar carbón, petróleo e gas), mesmo a un ritmo superior ao que lle permite o acordo atinxido polo conxunto da UE. Este acordo recoñeceu a España o dereito a aumentar un 15% as súas emisións para o 2008-2012 con respecto aos niveis de 1990, a pesar de que as emisións por habitante son moi superiores á media mundial e ás ambientalmente aceptábeis.

Nin Galiza nin o conxunto do Estado español teñen aínda Estratexias para a Loita contra o Cambio Climático (a Con-

sellería de Medio Ambiente nin tan sequera mostrou intención de impulsar unha). O consumo de enerxía, lonxe de se reducir ou estabilizar mediante a aplicación de medidas de aforro e mellora da eficiencia, aumenta. A diminución das tarifas eléctricas inducidas pola liberalización do sector eléctrico estimula o consumo de electricidade, que medrou un 6% a nivel estatal durante os últimos dous anos. O consumo de combustíbeis fósiles tamén aumenta.

As fontes de  $\text{CO}_2$  máis importantes no noso país son as centrais térmicas de carbón de Meirama (Cerceda) e As Pontes e a de fuel de Sabón (Arteixo). E semella que no futuro seguirán a selo aínda máis. Aos actuais grupos xeradores vanse sumar outros que utilizarán gas natural, bastante menos prexudicial có carbón ou có fuel mais tamén un combustíbel sucio. A potencia de As Pontes, a maior central térmica española, podería aumentar de 1.400 a 2.200 MW.

O curtopracismo, a falta de conciencia ambiental e de solidariedade cos habitantes dos países empobrecidos do Sur (que serán as principais vítimas do cambio climático) e a presión dos "lobbies" das enerxías suxas son algunhas das causas que explican o temerario retraso na adopción de medidas eficaces contra un problema de enorme magnitude. A Península Ibérica en particular non carece precisamente de motivos para se implicar máis na loita contra o cambio climático, xa que éste podería causar, entre outros efectos, a desaparición de numerosas praias ou un aumento da incidencia dos incendios forestais.

Individualmente podemos contribuír á diminución do problema facendo cousas



As centrais térmicas contribúen ao cambio climático. A campaña "Climate Voice" pretende recoller a través da Internet 10 millóns de sinaturas en todo o mundo esixindo aos líderes políticos accións efectivas contra o cambio climático.

(<http://www.climatevoice.org>)

Foto: Xacobe Meléndrez

como usar menos o automóbil privado (e o avión, se é o caso), comprar electrodomésticos enerxeticamente máis eficientes, mellorar o illamento térmico da nosa vivenda para gastar menos en calefacción ou rexeitar a calefacción eléctrica, a máis contaminante aínda que non o pareza. Ao mesmo tempo, debemos esixir aos poderes públicos políticas enerxéticas e de transporte congruentes co obxectivo de diminuír as emisións de gases de efecto invernadoiro.

# Outra vez os incendios forestais

**U**n ano máis, máis de 10.000 lumes arrasaron decenas de miles de hectáreas de monte no noso país. A provincia máis afectada foi a de Ourense, en particular comarcas como a de Valdeorras ou a da Limia.

**N**in a política informativa da Consellería de Medio Ambiente, nin a maquillaxe dos datos sobre hectáreas queimadas, nin as declaracións autocompracentes e exculpatorias poden ocultar o fracaso dunha política incapaz de avanzar de verdade na solución dos máis graves problemas da sociedade galega. As condicións meteorolóxicas seguen a ser un factor decisivo para diminuír ou aumentar a incidencia dos incendios. Este ano non tivemos sorte.

**O** conselleiro do ambiente, Carlos del Álamo, négase a recoñecer as deficiencias da súa estratexia e minimiza o alcance do problema dos lumes forestais. Máis preocupado polo impacto mediático dos incendios que polo impacto ambiental, responde ás críticas acusando aos que as formulan de pouco menos que de cómplices dos incendiarios. O conselleiro dun goberno presidido polo político galego que de xeito máis electoralista utilizou o problema dos incendios

non ten reparos en acusar aos partidos da oposición (e mesmo aos sindicatos) de buscaren rendementos electorais.

**O** feito de que os lumes forestais se teñan convertido nunha poderosa arma electoral, unido ao autoritarismo e á arrogancia do actual goberno autonómico, dificulta enormemente a consecución dun amplo acordo social e político sobre a política forestal e de loita contra os incendios. Un acordo para unir esforzos e evitar o productivismo e o curtopracismo. Os incendios constitúen un problema difícil e complexo, de graves consecuencias e sen solucións inmediatas e milagrosas

**A** FEG, malia ser consciente de que se trataba dunha petición simbólica, sen a máis remota posibilidade de ser atendida dada a enorme carencia de dignidade política existente en Galicia, solicitou novamente a dimisión de Carlos del Álamo, tanto polo fracaso da política antiincendios como pola súa cerrazón e falta de disposición real para o diálogo e o acordo.

**C**arlos del Álamo, agora e anteriormente na súa etapa como director xeral de montes, sempre rexeitou as propostas ambientalistas sobre a política forestal, aínda que si se apropiou do discurso ambientalista sobre o monte, consciente do progresivo cambio na sensibilidade da sociedade. Porén, a súa retórica ambientalista esgótase en si mesma, apenas se traduce en feitos concretos. Semella que o importante para el non é o que se fai senón o que a xente cre que se fai.

**A** sociedade civil galega, e máis de condenar e perseguir aos incendiarios, ten que mobilizarse máis para esixir á Xunta e ao conxunto das Administracións diálogo, transparencia e eficacia. As Administracións non están só para se autogabaren cando as cousas van máis ou menos ben grazas, en grande medida, á meteoroloxía, e para condenaren verbalmente aos incendiarios cando as cousas van mal. Cómpre exercer mos unha presión forte e constante sobre os poderes públicos para facer que as cousas muden. Non podemos resignarnos a que, ano tras ano, cada vez máis montes se transformen en rochedos ou en eucaliptais.

**Terra**

Boletín cuatrimestral



Federación Ecoloxista Galega.  
Apdo. 949. 15780 Santiago.  
Tel.: 981 575 444. • E-mail: feg@jet.es.  
<http://web.jet.es/feg/index.htm>

Subvencionado por:



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Dirección Xeral de Política Lingüística

Coordenación: Xosé Veiras

Colaboraron neste número:

Xosé Barcia, Alvaro Barros, Xosé Luís Baleato, Coordinadora Anti-Encoro de Caldas, Cuntis e Moraña, Manuel Antonio Fernández, Luita Verde, Xacobe Meléndrez, XEA, Xaquín Rodríguez e Xosé Veiras

Deseño, maquetación e impresión: 

DL: C-1738-1998

• Impreso en papel reciclado

# Científicos pronuncianse contra as minicentrais



As minicentrais hidroeléctricas fragmentan e desnaturalizan os nosos ríos

**D**iante da “magnitude do problema”, os investigadores dos Departamentos de Bioloxía Vexetal, Bioloxía Animal, Bioloxía Fundamental (Área Ecoloxía) e Edafoloxía asinantes do manifesto “reclamamos unha moratoria sobre este tema e a non concesión por parte da Xunta de máis permisos de minicentrais, mentres non se dispoña dunha avaliación das perdas reais de riqueza biolóxica que supoñen estas agresións”.

Os científicos demandan das Administracións “unha actitude consecuente coas lexislacións comunitaria, estatal e autonómica en materia de protección ambiental. Non podemos permitir inmolarse un patrimonio de todos para o beneficio duns poucos, esquecendo, ademais, as normativas vixentes sobre protección de especies polo método de ignorar que existan alí onde se pretende actuar”.

Construír 300 minicentrais nos ríos do noso país sería “o maior disparate imaxinable desde o punto de vista da conservación da nosa paisaxe e patrimonio natural, tendo en conta que estes proxectos se emprazan precisamente nas áreas residuais que permitiron conserva-los nosos hábitats máis valiosos, logo das alteracións xeralizadas sufridas noutras áreas: encoros, canalizacións, incendios, repoboacións, etc.” Estas minicentrais non se xustifican polas nosas necesidades de electricidade, xa que actualmente exportamos unha terceira parte da que xeramos. Ademais, a produción de todas elas representaría unha parte moi pequena da produción total de electricidade e arruinaría “unha parte

50 investigadores da Universidade de Santiago en diversas áreas relacionadas co medio natural, entre os que se achaban destacados profesores, fixeron público un manifesto para “alertar tanto á opinión pública coma ós órganos competentes da Xunta de Galicia sobre os graves efectos que as minicentrais hidroeléctricas poden ocasionar para o noso patrimonio biolóxico”. A FEG coida que este manifesto vén respaldar as fortes críticas das asociacións ecoloxistas galegas á política autonómica en materia de minicentrais.

substantial do patrimonio natural de tódolos/as galegos/as”.

O manifesto sintetiza os efectos negativos sobre os ecosistemas fluviais, a fauna e a flora, sen entrar noutro tipo de efectos adversos (deterioración da paisaxe, perda de atractivos para o turismo rural,...). A aplicación de posibles medidas correctoras non compensa o impacto ambiental das minicentrais, pois “nunca chegarán a paliar-lo conxunto de efectos que se mencionan, en especial se se considera o efecto sinérxico debido á absurda proliferación de proxectos”.

Cada conca ou bacía hidrográfica (un río principal e todos os seus afluentes) constitúe unha unidade na que os seus elementos están interconectados. Un dano ambiental nun tramo dun curso principal pode ser amortecido gracias á recolonización da área afectada por organismos procedentes dos afluentes. “Os proxectos de minicentrais inciden directamente sobre as comunidades destes cursos secundarios, de modo que unha proliferación destas interrupcións das canles producirá unha perda da unidade ecolóxica do conxunto; desta forma, novas perturbacións na conca vencen a capacidade de regulamentación do sistema, e os danos fanse irreversibles”. É vital manter pouco alteradas áreas de toda a bacía, non só do curso principal.

As minicentrais implican a desaparición das comunidades de macroinvertebrados orixinais. Numerosas especies de macroinvertebrados, das cales o 30 % son endémicas (exclusivas) do noroeste de España, vense seriamente afectadas. Moitas delas “poden verse abocadas á extinción, mesmo antes de seren descubertas pola Ciencia”.

Outras especies faunísticas prexudicadas son a troita común (*Salmo trutta*), “peza fundamental no funcionamento dos ecosistemas fluviais galegos”, a lontra (*Lutra lutra*), da que aínda temos unha das

mellores poboacións de Europa e “que se verá afectada pola proliferación de proxectos que limitarán de forma importante o seu hábitat útil e os seus recursos alimenticios” ou a aguaneira (*Galemys pyrenaeus*), especie endémica ibérica que ten na nosa terra as súas mellores poboacións e unha distribución e hábitat que coinciden coas zonas interesantes para a construción de minicentrais.

O texto completo do “Manifesto contra as minicentrais” pódese ler na web da FEG: <http://web.jet.es/feg/index.htm>

XOSÉ VEIRAS

## Un proxecto de Fenosa ameaza o río Lerez

Unión Fenosa promove un proxecto para construír seis minicentrais no río Lerez, presentado como substitutivo do antigo proxecto de encoro de Dorna, a pesar de que éste está incluído na proposta de Plano Hidrolóxico de Galicia-Costa. A poboación dos municipios directamente afectados, diversas asociacións integradas na FEG e a FEG como tal opóñense activamente a un proxecto altamente prexudicial para undos nosos mellores tramos fluviais.

A bacía do río Lerez é cualificada como prioritaria no marco das actuacións impulsadas pola Dirección Xeral de Medio Ambiente Natural para a recuperación do salmón, especie en perigo de extinción no noso país e considerada de interese comunitario pola Directiva 92/43/CEE relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e a flora silvestres. O río Lerez é un dos únicos sete ríos galegos con poboacións estábeis de salmón e conta coa infraestrutura precisa para recuperar as súas poboacións. Non se debería permitir xa de entrada a execución de ningún proxecto lesivo para a conservación e recuperación do salmón no río Lerez.

# O encoro do Umia, un monumento a insensibilidade

**O proxecto é unha fraude.** A Xunta sempre o xustificou para un abastecemento urxente de auga á comarca do Salnés, pero foron os tribunais os que dixeron que esa urxencia non foi demostrada pola Xunta. Con anterioridade, a Coordinadora e os Concellos afectados presentaron un informe da Universidade de Santiago, elaborado polo Catedrático do Departamento de Edafoloxía Díaz-Fierros e polo enxeñeiro hidrólogo M. Álvarez Enjo, no que se demostraba que esa falta de auga non era certa e que o deseño do encoro estaba pensado para o aproveitamento hidroeléctrico.

**O expediente está cheo de irregularidades.** O Estudio de Impacto Ambiental (EIA) presentado contén un inventario faunístico con especies que só existen no sur da Península e topónimos da provincia de Huelva.

Ademais das 27.136 alegacións presentadas polos veciños, foron presentadas outras por distintos expertos e colectivos, entre eles o Profesor do Departamento de Bioloxía Animal da Universidade de Santiago, Marcos González, existindo mesmo un informe do Servizo Provincial de Medio Ambiente Natural da Xunta que censura rotundamente o devantido EIA.

No mesmo sentido pronunciouse o Valedor do Pobo que, nunha resolución de xullo de 1998 reconece que o inventario faunístico que contén o EIA refírese integramente ao sur ibérico.

Cando a Coordinadora denunciou que o EIA era un plaxio doutro realizado para a provincia de Huelva, Agustín Hernández-Fernández, presidente de Augas de Galicia e autor do anteproxecto, contestou remitindo un fax que denominou FE DE ERRATAS, no que dicía o seguinte: "DONDE DICE Presa de Sanlúcar DEBE DECIR Presa de Caldas de Reis. DONDE DICE río Guadiana DEBE DECIR río Umia. DONDE DICE Riberas del Guadiana DEBE DECIR Riberas del Umia".

**A falta de estudos xeolóxicos e xeotécnicos.** Segundo un informe da Universidade de Vigo, non existen os estudos necesarios sobre o terreo, que dadas as súas características (base de xabre) poderían poñer en perigo a medio prazo a inte-

*O encoro de Caldas, no río Umia, é o primeiro encoro hidroeléctrico galego promovido con fondos públicos. É tamén o primeiro dos 22 encoros previstos no Plano Hidrolóxico das bacías de Galicia-Costa (as situadas en territorio galego) da Consellería de Política Territorial e Obras Públicas. Neste artigo expóñense os motivos polos que a Coordinadora Anti-Encoro de Caldas, Cuntis e Moraña se opón intensa e exemplarmente desde hai 5 anos ao encoro máis contestado até hoxe no noso país.*

gridade dos veciños de Caldas de Reis.

**A agresión ao patrimonio natural.** A Xunta nega que a Fervenza de Segade resulte afectada polo encoro, cando isto é unha evidencia, xa que o río sería desviado a través dun túnel de derivación polo monte de Segade para a segunda central. Tamén quedaría anegada a praia fluvial da Pontenova. A isto hai que engadir o anegamento de máis de 2.000 propiedades particulares, con desaparición da vexetación de ribeira e centos de carballos e outras especies nobres.



**Como acontece no caso de Caldas, detrás da maioría dos encoros de abastecemento propostos polo Plano Hidrolóxico de Galicia-Costa da Consellería de Política Territorial están os intereses do sector eléctrico.**

**A falta de estudos sobre a posible afección do encoro nas augas quentes.** A existencia de augas quentes en Caldas e Cuntis, con balnearios en funcionamento, representa un grande potencial turístico cara ao futuro. A pesar diso, a Xunta non ten realizado ningún estudo sobre a posíbel afección do encoro nas augas.

**Procúrase unha utilidade privada do río.** O aproveitamento hidroeléctrico do encoro –*verdadeira finalidade da obra*– non é de utilidade pública nin de interese xeral. Somos excedentarios na produción de enerxía eléctrica.

**Coordinadora Anti-Encoro de Caldas, Cuntis e Moraña**

Apartado de correos 21. 36650  
Caldas de Reis.

E-mail: rioumia@navegalia.com

## O MEXILÓN DE RÍO

O mexilón de río (*Margaritifera margaritifera*), un bivalvo de augas continentais, é unha das especies máis afectadas polo encoro de Caldas. A principios de século ocupaba a maior parte da área eurosiberiana e de Norteamérica. Nembargantes, a contaminación industrial e agrogandeira dos ríos e o seu regulamento mediante encoros e transvases conduciron a esta especie nunha situación moi delicada, existindo na actualidade poucos ríos con poboacións viábeis.

A rede fluvial galega aínda conta cun número importantes de ríos habitados polos mexilóns, pero, tamén aquí, vense afectados pola explotación irracional da auga e a súa contaminación. Ademais, o ciclo biolóxico do mexilón inclúe unha fase na que as larvas precisan parasitar a un hospedador, normalmente unha troita ou un salmón, antes de se soterrar no leito do río e comezar a medrar alimentándose, agora si, por elas mesmas. Se temos en conta cal é o estado actual das poboacións galegas de salmónidos, obtemos a que parece ser unha das principais causas de regresión deste molusco no noso país.

A pervivencia desta ameazada especie en Galiza pasa por conservar con unha protección axeitada o maior número posíbel de poboacións aínda existentes, así como por facilita-la recuperación das condicións ecolóxicas que precisa para vivir nos ríos máis alterados.

ÁLVARO BARROS

# O selado de minas ameaza gravemente aos morcegos galegos

*A execución do Plano de Selado e Clausura de Minas Antigas e Abandonadas de Galicia, promovido pola Consellería de Industria, constitúe unha grave agresión aos morcegos cavernícolas da nosa terra. O Plano está supondo a destrución de numerosos refuxios e pode pór a moitas especies en perigo de extinción. A Consellería de Industria non tivo en conta o impacto do Plano sobre unhas especies protexidas e de indubidábel utilidade e non considerou alternativas comprobadas de peche de minas que compatibilizan a protección dos morcegos coa prevención de posibles accidentes humanos.*

Está previsto pechar case 1.000 minas abandonadas, das cais unhas 500 poden ser refuxios de morcegos. O Plano de Selado de Minas, deseñado xenericamente para todas as minas, prevé a colocación dunha parede que bloquea a galería a pechar, a excepción dun burato cilíndrico de 20 cm de diámetro. Este tipo de peche modifica as condicións microclimáticas das minas, podendo facer que deixen de ser aptas como refuxios de morcegos. Ademais, obriga aos morcegos a saíren ou entraren gateando e de un en un e a esperaren o seu turno voando en círculos, o que os torna máis vulnerábeis aos predadores.

A pesar de se teren dirixido á Consellería de Industria prestixiosos especialistas na fauna de quirópteros (morcegos), achegando as informacións oportunas, a Consellería de Industria nin sequera estudiou a posibilidade de mudar o tipo de peche, optando polo sistema máis barato. A Consellería de Medio Ambiente amosou unha grande pasividade,

coherente coa súa traxectoria de non se enfrontar ás numerosas actuacións ambientalmente irresponsábeis doutras Consellerías.

O Plano de Selado provoca mortandades masivas en morcegos, especialmente cando as obras se realizan en inverno. Nese caso provocan que os morcegos en hibernación esperten e teñan que buscar novos refuxios en pleno inverno, cun altísimo consumo de enerxía e poucas posibilidades de repola, por causa da escaseza dos insectos voadores que constitúen a súa dieta. Nas minas tipo pozo sepúltanse directamente colonias enteiras baixo toneladas de terra e entullos.

Na primavera de 2000 constatouse un alarmante e repentino descenso dun 40% de morcegos nos refuxios de verán, imputábel, por coincidencia no tempo, ao Plano de Selado.

As covas naturais son moi escasas en Galicia, encontrándose sobre todo en zonas localizadas do sector oriental. Os morcegos subsanan a falta de refuxios naturais coa


utilización de minas. As minas de tipo corte, pozo e galerías constitúen un hábitat substitutorio imprescindible e dunha importancia vital para varias especies de fauna cavernícola, entre as que destacan os quirópteros. Alomenos 13 das 19 especies de morcegos presentes no noso país precisan para a súa sobrevivencia destes irremprazábeis refuxios, ocupando as minas abandonadas en distintos períodos do ano, especialmente durante o inverno.

A persecución humana directa, a perda de refuxios, a deterioración do hábitat, as perturbacións nas covas e os pesticidas (diminúen as súas presas e causan a morte por inxestión de insectos envenenados) explican a preocupante regresión dos morcegos no conxunto de Europa. A Directiva Hábitats 92/43/CEE considéraas “especies de interese comunitario que requiren unha protección estricta”. Porén, nin tan sequera nos espazos naturais propostos pola Consellería do Ambiente para formaren parte da futura Rede Natura 2000 (a rede espazos protexidos creada pola devandita Directiva), se está facendo nada por evitar o impacto do Plano de Selado.

As organizacións ambientalistas galegas vimos de denunciar a actuación da Xunta con respecto ao selado de minas diante das autoridades ambientais españolas e europeas.

Na web da FEG (<http://web.jet.es/feg/index.htm>) pódese consultar un informe sobre o impacto do Plano de Selado sobre os morcegos.

LUITA VERDE



## Os morcegos son útiles

A cultura popular incluíu tradicionalmente aos morcegos no grupo de especies mal vistas e a eliminar. Cómpre mudar esta mentalidade, froito da insensibilidade e o descoñecemento, a través de accións educativas adecuadas.

As especies europeas de morcegos son exclusivamente insectívoras, ingerindo diariamente de 1/3 a un 1/4 do seu peso en insectos e mesmo até un 50% antes da hibernación. Un morcego peque-

no captura entre 500 e 1.000 presas por noite. O seu “traballo” insectívoro complementa o labor das aves diurnas. Os miles de toneladas de guano acumulados nos seus refuxios son boa proba do seu importante valor ecolóxico. En Italia usáronse con éxito nos anos 20 para combater o paludismo, instalando refuxios para morcegos de varios pisos nos campos que se desecaban para cultivar.

O morcego grande de ferradura (*Rhinolophus ferrumequinum*) é a especie máis afectada en todo o país polo Plano de Selado de Minas da Consellería de Industria, que xa provocou a desaparición dunha das maiores colonias.

# A Xunta promove un Plano de Xestión de Residuos Agrarios

*A produción e mal uso dos residuos agrarios presenta importantes riscos: eutrofización de augas continentais, contaminación de acuíferos subterráneos, de solos e da atmosfera. Segundo a Xunta, aínda non se dan niveis perigosos de contaminación agraria en Galicia, mais poderían darse no futuro. O plano presenta aspectos positivos, mais descoida a prevención da xeración de residuos e non aposta pola agricultura e gandería ecolóxicas. A carga económica da súa aplicación vai recaer sobre os labregos, sendo cativa a aportación dos orzamentos autonómicos.*

O Plano de Xestión de Residuos Agrarios foi elaborado pola Consellería de Agricultura e Medio Ambiente. Está pendente a publicación no Diario Oficial de Galicia da normativa lexislativa que o acompaña. O borrador do Plano foi consultado a diferentes entidades, entre elas a FEG, botándose en falla a consulta a colectivos profesionais como os representados polos Colexio Oficial de Biólogos e o de Veterinarios e a algúns organismos de investigación. En xullo pasado, foi sometido a votación no Consello Galego de Medio Ambiente (COGAMA), no que foi aprobado coa abstención de algunhas organizacións. Entre elas estaría a da FEG, que non puido estar representada na reunión na que se votou o Plano.

De acordo co Plano, é o agricultor/gandeiro o que ten que buscar quen lle xestione os residuos. Á medida pode ser discriminatoria, se tomamos en conta que a Administración encárgase de buscar a forma da súa xestión no caso dos residuos domésticos. No agro debería aplicarse unha fórmula semellante, financiada polos agricultores/gandeiros a través de taxas.

O Plano propón unha serie de solucións de tratamento para cada fracción considerada: xurros, plásticos film, envases fitosanitarios, materiais sanitarios, cadáveres. Estas solucións quedan a expensas das empresas xestoras e o plano non precisa as normas ambientais que deben cumprir.

O Plano non promociona a utilización de métodos de fertilización alternativos ao uso dos xurros, como pode ser o uso do esterco, moito máis beneficioso có uso actual dos xurros. O seu uso alegase que é máis custoso, mais custoso vai ser o Plano para os gandeiros. En cultivos anuais como o millo, cultivos leñosos (vide, frutais ou forestais) noden utilizarse os estercos per-

fectamente, así como no abonado de renovación de pastos.

Non se teñen en conta os terreos forestais para calcular as necesidades de abono e os déficits de nitróxeno, polo cal aumentan os posibles excedentes zonais de xurros. Non se vai fomentar a súa utilización no eido forestal, cando se están a abonar con fertilizantes químicos ou outros residuos como lamas de depuradoras, moito máis contaminantes que os xurros.

O Plano propugna a mellora das fosas nas que os labregos almacenan os xurros, pero só será regulada para aquelas granxas consideradas intensivas (no caso do vacún, a partir das 10 vacas), cando se debería regular para todas as fosas, polo risco de contaminación de acuíferos subterráneos.

Prevese a construción de plantas de tratamento para os xurros da gandería porcina, polo seu contido en metais pesados procedentes dos pensos (o que, independentemente do tema que nos ocupa, fai que non preguntemos cal é a concentración destes metais na carne de porco). Rexístanse as plantas individuais de biogás polo seu custo, pero non se fai a análise dos seus beneficios posteriores: aforro en calefacción para a granxa ou para as casas privadas ou a propia xeración enerxética posterior, ou coma a propia e produción de compost.


No tocante aos plásticos de film (de invernadoiros e silos), o Plano descarta a súa reciclaxe polas experiencias existentes noutros lugares, cando en zonas como Almería e outros lugares de España esta a funcionar ben a reciclaxe de residuos de plásticos de invernadoiros.

O Plano non fomenta o uso de envases de fitosanitarios reciclables, como o vidro. Considerados residuos perigosos, prevé un plano experimental de recollida, sen determinar o seu destino final, probablemente a

queima ou a planta de tratamento de Somozas (A Coruña). Non se fai ningunha alusión aos produtos excedentes e caducados que, polo de agora, o agricultor ou almacena ou segue a usar cos perigos que iso pode ocasionar.

A pesar de que deberían ser manipulados polos veterinarios, os gandeiros adoitaban manipular residuos sanitarios. O Plano prevé a creación dun sistema de recolla canalizado a través dos veterinarios, mais non menciona como van ser tratados.

XOSÉ LUÍS BALEATO



# A defensa ambiental no Condado

*A Asociación para a Defensa da Natureza do Condado (ADENCO) é desde hai dez anos a voz ecoloxista na comarca do Condado, situada no sur da provincia de Pontevedra. A pesar da hostilidade e mesmo da persecución do reaccionario goberno municipal de Ponteareas, desenvolveu un importante labor reivindicativo e de concienciación en temas como o tratamento do lixo ou a defensa dos ríos.*

**A**DENCO creouse en 1990 na localidade de Ponteareas como unha asociación xuvenil e ecoloxista, co nome de asociación O Trasno-ADENCO. A pesar de que o seu ámbito de acción foi comarcal desde a súa creación, durante os primeiros anos de vida centrou o seu traballo no concello de Ponteareas.

ADENCO comezou a súa actividade ecoloxista con campañas de educación ambiental sobre os bosques autóctonos, as setas (micoloxía), a reciclaxe dos residuos e os espazos de interese natural. O achegamento á natureza levou a que as denuncias de diferentes atentados

ambientais ocupasen unha parte importante do traballo da asociación.

Temas como a oposición ao vertedoiro municipal da Picaraña, a queima de lixo nel, a falta total de recolla selectiva, a proliferación de lixeiras ilegais por todos os recantos, os verquidos ao río Tea ou a demanda da construción dunha depuradora de augas residuais, foron motivo de campañas do grupo ecoloxista ADENCO e de ácidas disputas co goberno ponteareán.

E a partir do ano 93, coa participación de ADENCO nunha plataforma contra o salto de Sela e co ingreso na Federación Ecoloxista Galega (FEG), cando aumenta o traballo de ámbito comarcal, sendo o grupo impulsor das protestas de contido ecoloxista no Condado.

Cómpre destacar as numerosas accións en contra do encoro hidroeléctrico de Sela, proxecto rexeitado en 1999 polos gobernos español e portugués, a pesar do cal o tramo galego-portugués do río Miño segue ameazado polo seu posíbel aproveitamento hidroeléctrico. Tamén unha campaña comarcal en

Cando Concellos e Xunta achaban que a recolla selectiva do lixo era unha "tolería" dos ecoloxistas, ADENCO organizou con poucos medios e moito esforzo a recolla de centos de toneladas de vidro, papel e pilas para dar exemplo ás institucións.

defensa do río Tea. Outro dos cabalos de batalla foi a defensa dunha xestión do lixo baseada nos tres erres (redución, reutilización, reciclaxe). Diferentes campañas promovidas pola FEG atoparon un portavoz na comarca do Condado en ADENCO.

No eido naturalista, a faceta máis abordada foi a micolóxica, coa organización dunhas xeirás ao longo de todos estes anos que serviron para fomentar o interese polo mundo dos cogumelos en numerosas persoas. Pero tamén se abordaron outras facetas, como a observación de aves ou a defensa do lobo, coa colaboración doutros grupos máis naturalistas co noso.

XOSÉ BARCIA

# A enseada de San Simón



*Disque cando Deus criou o mundo, logo dunha semana de choio a reo, apoiouse nel pra repousar, e formou así as rías galegas. Parece que co pulgar, no que hoxe é a Ría de Vigo, pre meu un algo máis forte deixando como pegada unha grande chaira mariña. Incrédulos e ateos materialistas falaron de movementos tectónicos de bloques fallados, pregos alpinos e outras causas inauditas como causa primixenia pra formar, ao fin, a octava maravilla do mundo, coñecida por estas latitudes como Enseada de San Simón.*

**S**exa como for, este espacio natural posúe unha grande importancia ecolóxica, paisaxística, cultural e económica.

Ecoloxicamente, porque na cabeceira da Ría de Vigo constitúe o leito onde o meio mariño copula co meio terrestre, dando como froito unha fecunda comunidade de especies vexetais e animais. Salienta a presenza das pradeiras de fanerógamas mariñas (*Zostera sp*), da vexetación marismeira e de areais; a rica fauna mariña e as aves migratorias que moran nas outrora extensas marismas que se desenvolven nas focas dos ríos que aquí deitan as súas augas desde as serras veciñas. Todos estes elementos naturais, xunto coa peculiar xeomorfoloxía da zona e a Illa de San Simón, constitúen unha unidade (que non uniformidade) paisaxística na que se integran o monte, a ribeira, o val, a campiña e o mar, que mesmo foi quen de inspirar aos troveiros galegos do medievo, durante os séculos de ouro da nosa lingua.

O meio inflúe e determina grandemente a vida dos pobos, permitindo labores pesqueiros e agrícolas, que desde hai séculos veñen definindo un ser colectivo marcadamente mariñeiro e labrego até hai escasos anos. Toda esta antiga tradición mariñeira desenvolveuse na enseada, deixando a súa pegada en construcións, embarcacións e artes de pesca e na expresión lingüística.

Polo tanto, temos un meio, os recursos que ofrece e máis a súa explotación, o que xera unha economía, ou microeconomía, dependente do ecosistema e do seu “benestar” ou equilibrio ecolóxico.

A día de hoxe, a saúde ambiental da que falamos atópase nun fráxil estado, mesmo ao límite da capacidade de carga do propio

ecosistema. Os impactos son moitos e diversos: construción de enormes peiraos industriais, urbanizacións irracionais, contaminación das sugas por vertidos industriais e urbanos, destrución de hábitats e unha explotación marisqueira e pesqueira que podería dar máis de si cunha mellor planificación.

A enseada é un refuxio de caza (figura de protección a todas luces insuficiente) e foi incluída na Proposta de lugares para a Rede Natura 2000 da UE. Agardamos que sexa o primeiro paso cara a súa recuperación, conservación e protección, para uso e lecer dunha poboación a cada máis chea de formigón e carente de espazos naturais.

XEA

## O grupo ecoloxista XEA

**Segundo a mitoloxía grega, no principio era o caos, logo xurdiu XEA, un fato de mozas que encentaron o camiño do ecoloxismo en 1990 desde Redondela. Con doses de ilusión, anxeios por traballar, e tamén cun aquel de inocencia, naceu XEA, nun momento no que o movemento ecoloxista agromaba nas pequenas vilas.**

**A consciencia ambiental era moi feble na sociedade redondelá. Había si sensibilidade cara aos desastres ambientais que saían nos telexornais, mais eran continuas as agresións ao patrimonio natural local, asumidas desde a indiferencia pola maioría da poboación. Tamén se valían desde a administración municipal, que non só carecía, carece, dunha política ambientalista, senón que, en moitos casos, era executante das agresións, como no caso da desaparición da marisma de Sta Mariña.**

**Logo dunha década, XEA converteuse nun referente na comarca. O seu traballo non se diferenciou do realizado noutras vilas e cidades polas demais organizacións ecoloxistas. Centrou os maiores esforzos en divulgar o patrimonio natural da comarca e do país, en crear consciencia sobre a problemática ambiental do modelo socioeconómico nos países desenvolvidos.**

**XEA evolucionou do naturalismo dos primeiros anos cara a un ecoloxismo máis “político”. Nesta liña de traballo estarían as últimas accións levadas adiante. En colaboración coa ONGD “Entrepobos”, realizamos as xornadas cara ao desenvolvemento sustentábel, onde se coñeceron e debateron iniciativas económicas que apostan por un outro modelo económico, que estableza novas relacións entre produtores e consumidores, e entre o Norte e o Sur. Froito destas xornadas creouse recentemente unha asociación polo consumo reponsábel que promove e apoia a agricultura biolóxica e o comercio xusto.**

# Fervenza do río Xallas: inaugurada mais non recuperada

Debido á presión social, o empresario Juan Manuel Villar Mir, propietario de Ferroatlántica, viuse obrigado a permitir a recuperación da espectacular fervenza na que o río Xallas desemboca no mar en Ézaro (Costa da Morte). Iso si, temeroso de se arruinar, só deixou que a auga secuestrada hoxe para producir electricidade tornase ao seu curso durante media hora nos domingos do verán.

O xesto de Villar Mir foi aproveitado por Manuel Fraga para “inaugurar a fervenza” o pasado mes de agosto e ser presentado como o auténtico artífice de tan alto logro. Un acto insólito que pretendía vender como un grande éxito o que é un avance absolutamente insuficiente. A ningunha empresa se lle debería consentir a apropiación total dun tramo de río nin unha soa hora, moito menos durante o 99,9% das horas do ano.

A cesión de Villar Mir, ademais de ser ben cativa, non parece ser nada desinteresada. Ferroatlántica tenta conseguir a autorización da Xunta para executar un proxecto de aproveitamento integral da bacia media e baixa do río Xallas que prevé a construción de 3 novas centrais hidroeléctricas para aproveitar mellor os catro encoros do río (Fervenza, Ponte Olveira, Castrelo e Santa Uxía). Este proxecto suporía a práctica desaparición do río como tal, pois o seu caudal veríase sensibelmente reducido nos tramos situados entre os encoros, polo que a FEG xa manifestou publicamente a súa oposición frontal.

**A FEG continuará a esixir a recuperación permanente da fervenza do Xallas, monumento natural único en Europa.**

*Foto: Xacobe Meléndrez*



## Os ríos galegos “on line”

A asociación para a defensa dos ríos Cachoeira, integrada na FEG, utiliza a Internet como unha ferramenta para defender os nosos ríos. Na súa web (<http://come.to/cachoeira>) podemos achar interesante información sobre os valiosos e ameazados ríos do noso país.

Na web de Cachoeira (sinónimo de fervenza ou cadoiro) hai noticias de actualidade, información sobre convocatorias de actividades relacionadas cos ríos e ligazóns a outras webs galegas coa mesma temática. Para nos introducir no coñecemento científico dos ríos podemos ler o relatorio “Ecología fluvial y caudales ecológicos”, do profesor da Universidade de Santiago Fernando Cobo,

presentado nas Xornadas sobre os ríos galegos organizadas pola FEG en abril deste ano.

As minicentrales hidroeléctricas adoitan ser grandes inimigas do medio fluvial. É por iso que a web lles dedica unha atención especial. Na sección “¿Qué es una minicentral?” explícanos o seu funcionamento e efectos. Asemade, podemos facer un pequeno percorrido por algúns dos nosos ríos e as minicentrales que os ameazan. Se queremos profundizar no impacto ambiental das minicentrales, será de grande utilidade o “Manual práctico sobre minicentrales”.

# Debeda externa e debeda ecolóxica: quen debe a quen

Diferentes organizacións sociais do Norte e do Sur, ao mesmo tempo que demandan a condonación e/ou diminución da débeda externa que pesa como unha lousa sobre o Sur, están comezando a reclamar o recoñecemento da débeda ecolóxica contraída polo Norte cos países empobrecidos do Sur desde a época colonial até os nosos días. Unha das iniciativas polo reclamo da débeda ecolóxica é a campaña promovida por Acción Ecolóxica (Ecuador) e Friends of the Earth (<http://www.cosmovisiones.com/DeudaEcoloxica>).

A extracción de recursos (petróleo, minerais, madeiras, alimentos, café,...), saqueados na etapa colonial exportados hoxe ao Norte a uns prezos que non teñen en conta os danos sociais e ambientais e/ou o seu carácter non renovábel, a contribución maioritaria do Norte enriquecido ao

cambio climático global, cuxas consecuencias sufrirán sobre todo os países do Sur (furacáns, inundacións,...), ou a apropiación indebida de recursos xenéticos do Sur (sementes, plantas medicinais,...) son algunhas das causas xeradoras da débeda ecolóxica.

O Norte paga mal as materias primas do Sur e aprópiase de servizos ambientais globais como a capacidade da atmosfera e dos mares de absorber o CO<sub>2</sub> responsábel do cambio climático. O nivel de vida do que desfrutamos os países do Norte débese en grande medida ao inmenso fluxo de bens mal pagados procedentes dos países do chamado Terceiro Mundo.

En palabras de Joan Martínez Alier, Catedrático de Economía da Universidade Autónoma de Barcelona, “o Norte debería pagar a súa Débeda Ecolóxica, e debería «axustar» as súas finanzas á súa economía productiva, e «axustar» á súa vez a súa economía productiva, que é de feito moi destructiva e contaminante, ao seu propio

**O prezo do petróleo non incorpora os enormes custos ambientais da súa extracción, transporte e emprego.**

**Foto:**



espazo ambiental(...). A única maneira de impór o «axuste ecolóxico» ao Norte sería a través duns prezos de exportacións de petróleo e outras materias primas que fosen máis altos, deixando asimesmo de fornecer servizos ambientais gratuitos e, en xeral, tal vez cunha regulamentación internacional controlada por unhas Nacións Unidas máis democráticas e ecolóxicas”.

## O “inevitabel” aumento do lixo

Nunha entrevista concedida ao xornal “El Correo Gallego” (16 de agosto de 2000), o conselleiro do ambiente, Carlos del Álamo, declarou o seguinte: “Aínda que non lles guste ós ecoloxistas, a realidade é que os residuos en Galicia van seguir aumentando, xa que a produción de lixo por habitante e ano galega é inferior á media española e aínda moito menor que a media que se dá en Europa”.

O conselleiro “ambientalista” non semella disgustado co aumento da xeración de lixo e mesmo acha que se trata dun adecuado indicador de desenvolvemento. Opinión sen dúbida partillada por Unión Fenosa, para a que máis lixo equivale a máis combustíbel para a incineradora de Cerceda (A Coruña), máis produción de electricidade e máis diñeiro.

O modesto Programa de Redución do Plano de Xestión do Lixo da Consellería de Medio Ambiente é incapaz de reducir ou estabilizar a produción de lixo. O propio Plano estima un incremento do 1-2% anual. Isto non impide que a Consellería e SOGAMA proclamen a redución como a súa primeira prioridade.

# Por unha agricultura a favor de toda a sociedade

Un conxunto de organizacións sociais galegas, entre elas a FEG, decidiron unir esforzos nunha Plataforma Rural para promover no noso país a campaña “Por unha agricultura e unha alimentación a favor de toda a sociedade”, que se desenvolve en toda España.

Segundo o manifesto divulgado pola Plataforma Rural, a chamada Axenda 2000, supón que de cada 100 pts dos orzamentos da UE 50 sexan dedicadas a apoiar un modelo de agricultura que expulsa aos/as campesiñ@s que non poden entrar na dinámica da competitividade; que muda labreg@s por tecnoloxías; que consome máis enerxía da que produce; que concentra a produción e riqueza en determinados países e en determinadas zonas, empobrecendo, despoboando outros como Galicia e que busca un productivismo ilimitado, que mediante prácticas agrícolas con sistemas químicos e sen respectar os procesos naturais, contamina as terras, as augas, a atmosfera e os alimentos.

A Plataforma Rural apoia un modo de política agraria que asegure o dereito a unha alimentación san para todos e todas. Procura o mantemento dos labregos/as familiares como a mellor forma de sustentar un medio rural vivo. Defende unha concepción dos labregos/as como produtores/as de alimentos de calidade, xestores/as do territorio, poboadores/as dos núcleos rurais, promotores/as dun novo campesiñado, con funcións sociais e non simplemente mercantilistas.

Avoga por un modelo de consumo local, de calidade, de temporada (todos os alimentos variados que a natureza produce ao longo do ano, sen necesidade de traelos desde a outra parte do mundo, nin de empregar inxentes cantidades de enerxía para forzar a súa produción), ético (que implique un prezo xusto para o/a labrego/a) e saudábel.

A Plataforma acha que @s europe@s debemos esixir que a nosa achega económica aos orzamentos da UE destinados á

Política Agraria Común teña unha repercusión no emprego agrícola e rural, na calidade dos alimentos, no respecto ao ambiente e nunha recuperación poboacional dos pequenos núcleos rurais. Os 360.000 millóns de pesetas que o Estado español recibe da UE para apoiar a propietari@s de terras con fins especulativos se destinen nun 50% ao fomento da agricultura dura-deira, orgánica e ecolóxica e o outro 50% a potenciar os programas de desenvolvemento rural e a mellorar as infraestruturas e os servizos. Os incentivos da UE para a exportación de alimentos deberían transformarse en apoio aos/as labregos/as dos países empobrecidos para que poidan manter e potenciar os seus propios sistemas productivos e de distribución de alimentos.

Podes ler o texto completo do manifesto da Plataforma Rural na web da FEG:

<http://web.jet.es/feg/index.htm>

## Cadernos de divulgación da natureza Don Golfiño



Un dos medios que o Colectivo Ecoloxista do Salnés (CES) utiliza para aumentar na xente unha sensibilidade de respecto á natureza son os cadernos Don Golfiño. O coñecemento do medio segue a ser un dos mellores medios para que as persoas descubran os valores naturais e vexan a necesidade de conservalos. Don Golfiño é un personaxe que serve como guía para tratar temas da natureza de Galicia e da comarca do Salnés. Ten aplicación no ensino como recurso de coñecemento do medio. Don Golfiño fala da vida dos distintos seres e axuda a achegármolos a eles. Os tres primeiros números están dedicados ás aves mariñas, aos herbívoros mariños e ás tartarugas mariñas.

O número 4 será sobre as artes de pesca tradicionais.

Os cadernos de divulgación Don Golfiño contan con ilustracións e debuxos comparativos que facilitan a identificación de especies. Realizados por naturalistas e redactados dun xeito sinxelo, sen cientifismos e con humor, os cadernos Don Golfiño van introducindo ós lectores de tódalas idades no mundo da natureza máis próxima. Cada caderno custa 300 pesetas.

Don Golfiño. CES.  
Apdo. 100. 36980 O Grove.  
E-mail: [ALCEDORG@teleline.es](mailto:ALCEDORG@teleline.es)

## Seminario sobre sustentabilidade

Entre os días 12 e 14 de setembro celebráronse en Compostela unhas xornadas internacionais sobre sustentabilidade, organizadas polo Taller de Educación Ambiental do Instituto de Ciencias da Educación (ICE) da Universidade de Santiago (USC). O obxectivo delas era lanzar o proxecto ESCO (Estudio Sistémico de Comunidades) na USC, para montar un grupo de traballo que se integre no equipo xa formado entre investigadores italianos e cubanos. Preténdense estudar de xeito paralelo comunidades rurais nos tres países coa fin de analizar os indicadores de sustentabilidade, comparalas entre si e elaborar materiais didácticos para o traballo en Educación Ambiental para o Desenvolvemento Sustentable.

Participaron no Seminario, con senllas ponencias, os profesores Roberto Pérez, do Instituto Pedagógico Enrique José Varona de La Habana, e Ferruccio Jarach, da ONG italiana Meridiani, así como outros da USC: Pablo Meira, Luis Guitián e Xoán Doldán, que aportaron as súas respectivas visións, sempre dende un enfoque multidisciplinario.

Acordouse continuar os contactos nun futuro Taller que se celebrará en Cuba a primeiros de novembro, e ó que asistirá unha delegación do Taller de EA do ICE.

## A Estratexia de Educación Ambiental xa parece papel mollado

A FEG mostrou a súa inqueda e preocupación pola escaseza de actuacións da Consellería de Medio Ambiente para levar á práctica a Estratexia Galega de Educación Ambiental (EGEA). A FEG participou na elaboración da EGEA e votou a favor da súa aprobación polo Consello Galego de Medio Ambiente (COGAMA) en novembro do pasado ano.

O cativo compromiso político da Consellería coa EA provocou a dimisión de técnicos do Departamento de EA do Centro de Información e Tecnoloxía Ambiental (CITA), comezando polo Xefe do Servizo de EA, Xulio Gutiérrez.

A non creación do Observatorio Galego de EA, o reducidísimo orzamento das axudas para actividades de EA, a desesperante demora na posta en marcha do Centro de Divulgación Ambiental de Oleiros ou a falta de compromisos sólidos para mellorar substancialmente a rede de equipamentos de EA, xunto con outros feitos, ilustran o deficiente compromiso da Consellería do Ambiente coa EA.

Visita a nova web da FEG: [web.jet.es/feg](http://web.jet.es/feg)

# Axudanos a defender a Natureza!

A Federación Ecoloxista Galega (FEG) é unha organización independente das administracións, de empresas e de partidos políticos. A FEG e as asociacións que a forman desenvolven na nosa terra numerosas actividades en defensa do ambiente e do desenvolvemento sustentábel.

O traballo das organizacións ecoloxistas galegas é útil e necesario. Coa túa axuda conseguiremos máis resultados. Se queres colaborar coa FEG, contacta connosco escribindo ao apartado de correos 949 de Santiago de Compostela ou, por correo electrónico, enviando unha mensaxe a [feg@jet.es](mailto:feg@jet.es).

A Federación Ecoloxista está formada polas seguintes asociacións:

**ADEGA.** Apdo. 501. 15700 Santiago  
**ADENCO.** Apdo. 132. 36860 Pontearreas  
**ANIDA.** Apdo. 35. 36540 Silleda  
**APDR.** Apdo. 414. Pontevedra  
**Asemblea do Suido.** Travesía de Vigo, 2. 36872 O Covelo  
**O Brote.** Casa da Xuventude. 32004 Ourense  
**Cachoeira.** Apartado 1664. 36200 Vigo  
**CEDENAT.** Apdo. 512. 27080 Lugo  
**Cempés.** Apdo. 2158. 15080 A Coruña  
**CENAR.** Apdo. 147. 15960 Ribeira  
**CES.** Apdo. 100. 36980 O Grove  
**Coto do frade.** Apartado 32. 32400 Ribadavia  
**A Curuxa.** I.B. Xelmírez I. 15706 Santiago  
**Erva.** Apdo. 317. 36280 Vigo  
**O Galo de Antioquía.** Casa Rectoral de San Pedro de Lardo. 32630 Xinzo.

**Guerrilleiros das fragas.** Apdo. 41. 15320 As Pontes  
**Hábitat.** Apdo. 805. 15080 A Coruña  
**Luita Verde.** Apdo. 155. 36940 Cangas  
**MEL.** A Carballal. Congostro. 32654 Rairiz de Veiga  
**Néboa.** Rúa Muchiqueira, 24. A Mourela. 15579 Neda  
**Niño do Azor.** Avda. da Habana, 40. Baixo. 15320 As Pontes  
**Oureol.** Fac. de Bioloxía. 15706 Santiago.  
**PX.** Outeiro, 50. Ponte do Porto. 15121 Camariñas  
**Sobreira.** Apdo. 185. 36500 Lalín  
**Taina.** Casa da Xuventude. 15171 Perillo-Oleiros  
**XEA.** Apdo. 100. 36800 Redondela  
**XEVALE.** Apdo. 35. Chantada.